

Como participar
nas asambleas por
videoconferencia



Escola A Florida

Uso da aplicación Webex



Webex Meetings

A aplicación Webex

- ▶ A Consellería de Educación pon á disposición dos centros educativos un sistema de videoconferencias en grupo chamado Webex, de seguido atoparedes unhas sinxelas instrucións sobre como usalo e participar nas assembleas en grupo.
- ▶ Para usar este servizo por parte do alumnado non é preciso levar a cabo ningún tipo de rexistro e basta con coñecer “o nome da reunión” que indicará cada mestre/a.

Que preciso?

Precisarás contar con algunha destes equipos (bastará ter un deles):

- ▶ Un ordenador con conexión a internet
- ▶ Un smartphone (teléfono móbil)
- ▶ Unha tablet.

Descarga e instalación

▶ **Pasos previos:**

Se vas a usar o teu teléfono móbil ou tablet primeiro deberás buscar a aplicación “webex” na Play Store ou App Store e instalala.

Se vas a usar un ordenador a primeira vez que accedas á web que se indicará pedirase que se instale unha pequena aplicación, acepta a instálala (esto faise só unha vez e xa quedará instalada para o futuro)

▶ No caso de usar un smartphone é posible que non poidas ver a tódolos participantes á vez, e so vexas ó que está falando. Sempre que sexa posible é recomendable usar un ordenador para poder ver a todos os participantes á vez.

▶ **Lembra que se ben poderás conectarte en calquera momento a reunión só estará aberta cando o mestre/a estea nela, no horario que se indicou.**

SE ACCEDES DESDE UN ORDENADOR:

- ▶ 1.- Abre un navegador web e entra na web:

<https://eduxunta.webex.com>

- ▶ 2.- Na ventá que aparecerá introduce o “nome da reunión” que se indicou por parte de cada mestre/a.


Non é necesario rexistrase nin iniciar sesión (esta opción é só para os mestres/as)

- ▶ 3.- Se introduciches correctamente o nome da reunión, a mesma aparecerá lista para “unirse a ela” premendo o botón de cor verde que pon “UNIRSE A LA REUNIÓN”



Neste momento, se é a primeira vez que entras vaiche pedir que instales unha aplicación, acepta e instálala (isto faise só a primeira vez que se entra e queda para o futuro).

4.- Volta a confirmar para entrar na reunión (se é que volta a aparecer á ventá)



The screenshot shows the Cisco Webex interface. At the top left is the Cisco Webex logo. In the top right, there are options for 'Español de España', 'Visualización clásica', and a 'Iniciar sesión' button. The main content area displays a meeting room titled 'Sala personal de Pedro'. To the left of the title is a circular profile picture of red tulips. Below the title is a text box containing the URL 'https://eduxunta.webex.com/meet/pedro'. A green button labeled 'Unirse a la reunión' is positioned below the URL. A red arrow points from the text 'Fai click aqui para unirse á reunión' to the 'Unirse a la reunión' button. Below the button is a link for 'Más formas de unirse'.


5.- Introduce un **nome (o nome do neno/a que se verá xunto ó seu vídeo)** e un correo electrónico, que PODE SER FALSO, podedes poñer calquera cousa, por exemplo **nonresponder@edu.xunta.es**. Este correo non ten ningunha utilidade neste tipo e videoconferencias públicas.



Unha vez dentro poderás escoller se ver a tódolos participantes nunha cuadrícula, ou ben só o que está falando en cada momento (recomendamos o modo de cuadrícula)

Na esquina superior dereita verás o teu vídeo, na parte superior o vídeo de todos os participantes.


Para abandonar a reunión preme no icono coa “X” vermella.



SE ACCEDES DESDE UN SMARTPHONE OU TABLET

- ▶ Ten en conta que se usas os datos móbiles (e non a wifi) pode consumir gran cantidade de datos ó tratarse dunha vídeoconferencia.
 - ▶ 1) Descarga a aplicación “webex” no teu smartphone ou tablet.
 - ▶ 2) Unha vez dentro preme “UNIRSE A LA REUNIÓN”. Non é necesario rexistrarse nin iniciar sesión (esta opción é só para os mestres/as).





- ▶ 3) Na ventá que aparecerá introduce o “nome da reunión” que se indicou por parte de cada mestre/a. (url+nome_do_mestre)
eduxunta.webex.com/meet/nome_do_mestre/a


Introduce un nome para o neno/a (o nome do neno/a que se verá xunto ó seu vídeo) e un correo electrónico, que PODE SER FALSO, podeses poñer calquera cousa, por exemplo nonresponder@edu.xunta.es.

Este correo non ten ningunha utilidade neste tipo e videoconferencias públicas.

- ▶ 4) Preme o botón “**unirse**”

5) Voltará a preguntarse se queres unirte, tan só temos que premer “unirse”, e se queremos activar a cámara (para que nos vexan) e o micrófono (para que nos escoiten)

► Deberemos indicar que queremos “iniciar o vídeo” na seguinte pantalla que apareceza.





**Esperamos que
vos servira de
axuda!**